https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 17/07/2026 14:04

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 17/07/2026 13:49

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48

Deputación DA CORUÑA

INTERVENCIÓN XERAL E XESTIÓN ECONÓMICO-FINANCEIRA

EXPEDIENTE SUBTEL: 2026000014629

ASUNTO: INFORME DEFINITIVO DE AUDITORÍA FINANCEIRA SOBRE AS CONTAS ANUAIS DO 2025 DO CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO.

DESTINATARIOS:
PRESIDENCIA E PLENO DO CONSORCIO.
PLENO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.
CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA.
TRIBUNAL DE CUENTAS.

I. INTRODUCIÓN.[1]

O órgano interventor da Deputación Provincial, no exercicio das competencias que lle confiren os artigos 213 e seguintes do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais e dándolle cumprimento ao disposto no artigo 29.3. A), apartado d), do Regulamento de réxime xurídico do control interno das entidades que conforman o sector público local (RD 424/2017, do 28 de abril), na execución do Plan de control interno 2025, levou a cabo a auditoría das Contas anuais do **CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA (V15859481) correspondentes ao exercicio 2025,** que comprenden o Balance de Situación a 31 de decembro de 2025, a Conta do resultado económico-patrimonial, o Estado de cambios do patrimonio neto, o Estado de fluxos de efectivo, a Memoria e, asemade, a Liquidación do Orzamento do Exercicio 2025.

[1] Na presentación e orde de contidos deste informe tomamos en consideración a totalidade das NIA-ES SP aprobadas pola Resolución da Intervención xeral do Estado de 25 de outubro de 2019, seguindo a estrutura fixada pola Nota técnica 1/2020 da Oficina Nacional de Auditoría da IGAE. Asemade, no tocante á redacción, procurouse realizar en cada apartado unha exposición clara, obxectiva, ponderada e sistemática, tendo en conta a importancia cuantitativa e cualitativa da mesma, de conformidade coa Resolución da IGAE de 30 de xullo de 2015 de recomendacións para o exercicio da auditoría pública.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 17/07/2026 14:04

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 17/07/2026 13:49

Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48

II. OPINIÓN.[2]

Na nosa opinión, as contas anuais achegadas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da entidade a 31 de decembro de 2025, así como os seus resultados e fluxos de efectivo y do estado de liquidación do presuposto, correspondientes ao exercicio rematado en dita data, de conformidade con marco normativo de información financiera que resulta de aplicación (que se recolle na Nota 2 da Memoria) e, en particular, cos principios e criterios contábeis e orzamentarios contidos no mesmo.

III. FUNDAMENTO DA OPINIÓN.

Para dar esta opinión, temos executado a auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente no Sector Público en España (NIA-ES-SP, aprobadas por Resolución da Intervención xeral do Estado de 25 de outubro de 2019). As nosas responsabilidades de acordo con ditas normas descríbense máis adiante na sección *"Responsabilidades do auditor en relación coa auditoría das contas anuais"* do noso informe.

Somos independentes da entidade, de conformidade cos requirimentos de ética e de protección da independencia que son aplicábeis a nosa auditoría das contas anuais para o Sector público en España[3], segundo o esixido pola

[2] Na emisión da opinión e no seu fundamento seguimos a NIA-ES-SP 1700 R.

[3] A estes efectos, seguimos a Nota técnica 1/2018, da Oficina Nacional de Auditoría, tendo incorporado ao expediente un cuestionario debidamente cuberto polas tres persoas que temos participado nos traballos.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48
JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 17/07/2026 14:04
JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 17/07/2026 13:49
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48

normativa reguladora da actividade de auditoría de contas de dito Sector público.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e adecuada para a nosa opinión modificada coa eiva ou deficiencia indicada.

IV. CUESTIÓNS CLAVE DE AUDITORÍA.

As cuestións clave de auditoría son aquelas que, segundo o noso xuízo profesional, teñen sido de maior importancia ou alcance na nosa auditoría de contas anuais do período actual. Estas cuestións teñen sido tratadas no contexto da nosa auditoría das contas anuais no seu conxunto, e na formación da nosa opinión sobre as mesmas, polo que non expresamos unha opinión por separado das mesmas.

V. PÁRRAFO DE ÉNFASE.[4]

Temos que chamar a atención sobre a escasa capacidade da entidade para xerar os seus propios recursos e a súa excesiva dependencia do financiamento ordinario que recibe das dúas administracións que a integran. Esta circunstancia únese nunha relación directa ao retraso acumulado na práctica das liquidacións tributarias polas intervencións realizadas nos anos 2024 e 2025.

Isto indica que as persoas e entidades beneficiarias do servizo son gravadas cunha taxa que resulta moi deficitaria con respecto ao custo do servizo, recaendo o importe restante no conxunto das persoas contribuíntes. Lémbrese a este respecto que, na meirande parte dos casos, a débeda tributaria é asumida polas compañías aseguradoras dos bens sinistrados, integrándose o gasto dentro das súas provisións para responsabilidades.

[4] Nesta sección tomamos en consideración a NIA-ES-SP 1706.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48
JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 17/07/2026 14:04
JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 17/07/2026 13:49
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48

Por outra banda, segue a apreciarse a inacción administrativa da entidade para executar os créditos para investimentos, así como as dotacións consignadas despois das importantes modificacións de crédito que se realizaron ao longo do exercicio, póndose de manifesto un baixo grao de execución dos créditos orzamentarios definitivos, pois só se recoñeceron obrigas polo 50,21 por cento daqueles créditos.

Nun terceiro lugar, tamén debe chamarse a atención sobre o considerable incremento que teñen experimentado os gastos de persoal, pois de 7.246.108,80 no exercicio 2024, pasaron a 9.648.994,37 euros no exercicio 2025 (un incremento do 33 por cento), consecuencia directa da aprobación dunha nova Relación de Postos de Traballo neste exercicio 2025, pois non consta que se teñan asumido novas funcións ou cometidos, nin tampouco se produciron ampliacións do servizo.

VI. OUTRAS CUESTIÓNS[5].

Con data de 13 de setembro de 2021, esta Intervención emitiu un informe de auditoría sobre as contas anuais do exercicio 2021 (expediente 2021000029440), no que se expresou unha **opinión modificada desfavorábel.**

Logo dese informe, na sesión plenaria que tivo lugar o día 21 de outubro de 2021, á proposta do titular da Presidencia, aprobouse un Plan de acción para corrixir as eivas advertidas. A tal fin, con posterioridade, procedeuse a aprobar o inventario que xa estaba elaborado, contabilizando o valor dos activos segundo figura en dito inventario e procedendo a dotar o gasto por amortizacións correspondente. Tamén se procedeu a regularizar os saldos de maior importancia nos conceptos non orzamentarios.

[5] Aplicamos a NIA-ES-SP- 1706 R e seguimos as indicacións e redacción proposta do apartado G) da Nota Técnica ONA 1/2020.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48
JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 17/07/2026 14:04
JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 17/07/2026 13:49
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48

Con todo, das medidas propostas naquel Plan de acción, están pendentes de aplicar efectivamente as seguintes:

- Plan anual de contratación: planificación da actividade contractual e impulso dos procedementos necesarios para que se cumpra cos principios propios da contratación pública, de publicidade, concorrencia e non discriminación, garantindo asemade unha maior eficiencia económica.
- Adaptación dos estatutos do Consorcio á Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público.

Para tal efecto, debería convocarse á maior brevidade a comisión de seguemento do Plan de acción, tal como está previsto no apartado undécimo daquel documento.

VI. OUTRA INFORMACIÓN.[6]

Este apartado do informe está referido á Memoria de custos e rendemento de servizos, así como ás Notas da Memoria 25 (indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios), 26 (indicadores de custe de actividades) e 27 (indicadores de xestión de eficacica, eficiencia e produción), información que se achega en cumprimento das esixencias establecidas na lexislación de facendas locais e no Modelo de Memoria incluído no Plan xeral de contabildidade adaptado á Administración Local (Anexo a Orden EHA 1781/2013, do 20 de setembro), cuxa formulación é responsabildade do órgano de xestión da entidade.

[6] Aplicamos neste apartado o disposto na NIA-ES-SP-1720 R, responsabilidades do auditor con respecto a outra información e a Nota técnica 1/2022 da Oficina Nacional de Auditoría.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 17/07/2026 14:04

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 17/07/2026 13:49

Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48

Cómpre advertir que a nosa opinión de auditoría sobre as contas anuais non cubre a información extracontábel. A nosa responsabilidade sobre esta outra información, de conformidade co esixido na normativa reguladora da actividade de contas, consiste en avaliar e informar sobre a concordacia da outra información coas contas anuais, a partir do coñecemento da entidade obtido na realización da auditoría das citadas contas e sen incluír información distinta da obtida como evidencia durante a mesma.

Asemade, a nosa responsabilidade consiste en informar e avaliar se o contido e presentación desta outra información son conformes á normativa que resulta de aplicación. Se, basándonos no traballo que temos realizado, concluimos que existen incorreccións materiais, estamos obrigados a informar de tal circunstancia. Dita información que deriva da contabilidade, de conformidade co esixido pola normativa reguladora da actividade de auditoría de contas, consiste en avaliar e informar sobre a súa concordancia coas contas anuais, partindo do coñecemento da entidade que obtivemos na realización da auditoría e sen incluir información distinta da obtida como evidencia durante a mesma. No caso de que, con fundamento no traballo realizado, concluimos que existen incorreccións, temos a obriga de poñelas de manifesto.

Sobre a base do traballo realizado, esta outra información extracontábel vese afectada en canto a súa concordancia e contido polas cuestións que se sinalan no apartado de fundamento de opinión con deficiencias, ao non reflectir as contas o importe correcto dos dereitos recoñecidos correspondentes ás devindicacións producidas no exercicio no tocante á taxa pola prestación de servizos do Consorcio.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 17/07/2026 14:04

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 17/07/2026 13:49

Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48

VII. RESPONSABILIDADE DO CONTADANTE (TITULAR DA PRESIDENCIA) EN RELACIÓN ÁS CONTAS ANUAIS[8].

De conformidade co disposto no artigo 14º.19 dos Estatutos da entidade, a Presidencia é responsábel de formular as contas anuais que se achegan, de forma que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da entidade, de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable a un consorcio adscrito a unha entidade local en España[7], e de control interno establecidas para permitir a preparación das contas anuais libres de incorreción material, debida a fraude ou a erro.

Na preparación das contas anuais, o órgano de xestión é responsábel da valoración da capacidade da entidade para continuar como empresa en funcionamento, revelando, segundo proceda, as cuestións relacionadas coa empresa en funcionamento e utilizando o principio contable de empresa en funcionamento, agás no caso de que o órgano de xestión tivese intención ou obriga legal de liquidar a entidade ou de cesar nas súas operacións, ou ben non exista outra alternativa realista.

[7] Capitulo VI do Título II da Lei 40/2015, do Réxime xurídico do Sector público, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do Modelo normal de Contabilidade local.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 17/07/2026 14:04

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 17/07/2026 13:49

Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48

VIII. RESPONSABILIDADE DO FUNCIONARIO AUDITOR.

Os nosos obxectivos son obter unha seguridade razoable de que as contas anuais no seu conxunto están libre de incorrección material, debida ao fraude ou ao erro, e emitir un informe de auditoría que contén a nosa opinión.

Seguridade razoable é un alto grao de seguridade, pero non garantiza que unha auditoría realizada de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente en España sempre detecte unha incorrección material cando existe. As incorreccións poden deberse a fraude ou erro e deben considerarse materiais se, individualmente ou de forma agregada, pode preverse razoablemente que inflúan nas decisións económicas que os usuarios toman baseándose nas contas anuais.

Como parte dunha auditoría de conformidade coa normativa reguladora da actividade de auditoría de contas vixente para o Sector público en España, aplicamos o noso xuizo profesional e mantivemos unha actitude de escepticismo profesional durante toda auditoría.

Asemade:

Identificamos e valoramos os riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro, deseñamos e aplicamos procedementos de auditoría[8] para facer fronte a ditos riscos e obtivemos evidencia de auditoría suficiente para proporcionar un fundamento da nosa opinión. O risco de non detectar unha incorrección material debida ao fraude é mais elevado que no caso dunha incorrección material debida a erro, pois o fraude pode levar parello a colusión, falsificación, omisións deliberadas, manifestacións intencionadamente erradas ou a elusión do control interno.

[8] Utilizamos fundamentalmente procedementos analíticos da información que nos foi posta a nosa disposición, conforme ao previsto na NIA-ES-SP- 1520.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48
JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 17/07/2026 14:04
JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 17/07/2026 13:49
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48

- Obtivemos coñecemento do control interno[9] relevante para a auditoría co fin de deseñar procedementos de auditoría que sexan axeitados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade.

- Avaliamos se as políticas contábeis aplicadas son axeitadas e a razoabilidade das estimacións contábeis e a correspondente información revelada polo órgano de xestión.

- Concluimos sobre se é axeitada a utilización, polo órgano de xestión, do principio contábel de empresa en funcionamento e, baseándonos na evidencia de auditoría obtida, concluimos sobre se existe ou non unha incerteza material relacionada con feitos ou con condicións que poideran xerar dúbidas significativas sobre a capacidade da entidade para continuar como empresa en funcionamento. As nosas conclusións baséanse na evidencia de auditoría obtida ata a data do noso informe de auditoría; con todo, feitos ou condicións fururos poderían ser a causa de que a entidade deixe de ser unha empresa en funcionamento.

- Avaliamos a presentación global, a estrutura e o contido das contas anuais, incluida na información revelada, e se as contas anuais representan as transaccións e feitos subxacentes dun xeito que consiguen expresar a imaxe fiel.

[9] O sistema de control interno foi avaliado no documento de planificación da auditoría, tendo en conta o coñecemento da entidade e a experiencia acadada nas auditorías realizadas sobre as contas anuais do 2019 e exercicios seguintes.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48
JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 17/07/2026 14:04
JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 17/07/2026 13:49
Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48

- Comunicámonos coa Presidencia da entidade en relación co alcance e o momento de realizar a auditoría planificada e os elementos relevantes da auditoría, así coma sobre calquera deficiencia significativa de control interno, que temos identificado no transcurso da auditoría[10].

- Entre as cuestións que foron obxecto de comunicación ao órgano de goberno da entidade, determinamos as que teñen maior importancia na auditoría do período actual e, en consecuencia, as cuestións clave de auditoría.

- A nosa opinión de auditoría sobre as contas anuais non cubre outra información extracontábel.

IX. INFORME SOBRE OUTROS REQUIRIMENTOS LEGAIS E REGULAMENTARIOS.

Co alcance previsto na nosa auditoría de contas, temos revisado o cumprimento da legalidade con respecto á xestión económico-financeira da entidade durante o exercicio 2025. De dita revisión, temos observado os seguintes incumprimentos legais e regulamentarios:

Tense aprobado o pagamento de remuneracións por asistencias ás persoas que forman parte dos órganos colexiados da entidade, -agás ao persoal que forma parte da propia entidade-, por un importe de 24.020,00 euros, aplicados sobre a aplicación orzamentaria 912.233.00.

[10] Con tal finalidade, foi notificado o documento TDA, termos de inicio de auditoría, no momento de inicio dos traballos. Asemade, na execución dos traballos, foron comunicados mediante dilixencia estendida para o efecto, que foi cursada a través do SIR, aqueles datos ou circunstancias significativas que ían a afectar a opinión modificada contida neste informe. En síntese, procurouse cumprir co disposto na NIA-ES-SP-1260-R.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 17/07/2026 14:04

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 17/07/2026 13:49

Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48

Sobre a procedencia destes pagamentos, non consta que dende o inicio do actual mandato 2023-2027 se teña adoptado o acordo que esixe o artigo 75.3 da Lei 7/85, de Bases de réxime local, nin polo Pleno da Deputación (que debe pronunciarse sobre a compatibilidade destas percepcións co réxime de dedicación exclusiva das persoas afectadas que ostentan o cargo de deputadas no Pleno provincial), nin por parte do pleno da propia entidade auditada. Só existe unha previsión ao respecto nas Bases de execución do Orzamento, non constando que se estea a realizar a publicidade que esixe o artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

Na xestión dos mantementos, subministracións e servizos estase a utilizar o procedemento do contrato menor para a contratación da meirande parte das prestacións, incumpríndose o disposto no artigo 118.2 da Lei 9/2017, de contratos do sector público. Urxe, xa que logo, a tramitación de expedientes de contratación polo procedemento ordinario (artigo 131.2 da dedandita Lei), de xeito que se cumpra cos principios de publicidade, concorrencia e liberdade de acceso ás licitacións que esixe dita Lei en transposición das directivas comunitarias sobre contratación pública.

A Coruña, 17 de xullo de 2026.

Asdo. Electrónicamente por Juan Bautista Suárez Ramos.

Interventor adxunto.

Conforme,

O INTERVENTOR XERAL,

José Manuel Pardellas Rivera.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48

JOSÉ MANUEL PARDELLAS RIVERA
Data e hora: 17/07/2026 14:04

JUAN BAUTISTA SUAREZ RAMOS
Data e hora: 17/07/2026 13:49

Validación de documentos: https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código: b818249a9a60b0ca79db2c7c85b31ac2368e0a48

DILIXENCIA DE NOTIFICACIÓN:

O presente informe emítese con carácter **DEFINITIVO e deberá notificarse á PRESIDENCIA DO CONSORCIO,** co fin de que se incorpore ao expediente de aprobación da Conta xeral do exercicio 2025 que se está a tramitar e, como anexo da mesma, se remita aos órganos de control externo, Consello de Contas de Galicia e Tribunal de Contas.

Asdo. Juan Bautista Suárez Ramos.

Interventor adxunto.

ASUNTO: ALEGACIÓNS AO INFORME PROVISIONAL DE AUDITORÍA DAS CONTAS ANUAIS DO EXERCICIO 2025

EXPEDIENTE: 2026/T017/000002
DESTINATARIO: INTERVENTOR ADXUNTO DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

En relación co Informe provisional de auditoría financeira das contas anuais do exercicio 2025, e ao abeiro do trámite de audiencia conferido, formúlanse as seguintes alegacións respecto da opinión modificada emitida no apartado II e do seu fundamento recollido no apartado III.

I. Obxecto das alegacións

Ao abeiro do trámite previsto no artigo 4.1 do Real decreto 424/2017, de 28 de abril, formúlanse as presentes alegacións ao Informe provisional de auditoría financeira correspondente ás contas anuais do exercicio 2025, en particular respecto da opinión modificada con eivas emitida nos apartados II e III do informe.

As alegacións non pretenden cuestionar a conveniencia de continuar mellorando a xestión tributaria da taxa pola prestación dos servizos do Consorcio, obxectivo plenamente compartido por esta entidade, senón poñer de manifesto que a situación descrita no informe non xustifica, desde unha perspectiva técnica e contable, a emisión dunha opinión modificada por non afectar á imaxe fiel das contas anuais.

II. Mellora substancial da xestión tributaria

O informe toma como referencia unha situación acumulada ao longo de exercicios anteriores, sen valorar suficientemente a evolución producida nos derradeiros exercicios.

Desde a emisión dos anteriores informes de auditoría impulsouse un proceso de reorganización da xestión tributaria que permitiu reducir significativamente o atraso existente na práctica das liquidacións.

Así, o prazo efectivo de emisión das liquidacións pasou de aproximarse aos catro anos, límite máximo previsto na normativa tributaria, a situarse actualmente por debaixo dos dous anos, reducindo máis da metade o atraso acumulado.

Esta evolución acredita que a situación descrita no informe non responde a unha deficiencia estrutural nin permanente, senón a un proceso de normalización administrativa que xa ofrece resultados obxectivos e medibles.

III. Medidas organizativas xa adoptadas

A mellora descrita non é consecuencia dunha actuación puntual, senón da adopción de medidas estruturais destinadas a consolidar definitivamente a capacidade de xestión tributaria do Consorcio.

Neste sentido, foi aprobada unha nova Relación de Postos de Traballo, durante o exercicio 2025, que dota á entidade dos recursos humanos necesarios para reforzar esta área funcional, atopándose actualmente en tramitación os procesos selectivos correspondentes para a súa cobertura efectiva. Ata este momento, a cobertura temporal do persoal encargado destas tarefas, resultou un inconveniente para que os resultados fosen aínda mais favorables.

Igualmente, atópase prevista a aprobación dunha modificación da Relación de Postos de Traballo mediante a creación dun novo posto de Técnico de Xestión, que permitirá reforzar especificamente a tramitación das liquidacións tributarias e, de forma especial, a resolución dos recursos derivados da taxa pola prestación de servizos.

A implantación, da que xa se teñen iniciado actuacións ao respecto, dun aplicativo de xestión das liquidacións tributaria, prevese que facilitara a súa tramitación, permitindo unha maior axilidade.

Estas actuacións evidencian unha actuación planificada e decidida da entidade para acadar a plena normalización da xestión tributaria.

IV. Inexistencia de afectación á imaxe fiel das contas anuais

Considérase que a circunstancia posta de manifesto no informe non constitúe unha incorrección material das contas anuais que xustifique unha opinión modificada.

O propio informe recoñece expresamente que a Administración dispón do prazo legal de catro anos para practicar as correspondentes liquidacións tributarias e que o recoñecemento contable dos dereitos terá lugar no exercicio no que estas sexan aprobadas.

En consecuencia, non se aprecia unha incorrecta aplicación dos principios contables nin do marco normativo de información financeira aplicable, senón unha cuestión relacionada coa maior ou menor rapidez na actividade administrativa de xestión tributaria.

O auditor parte da premisa de que a devindicación do tributo obriga necesariamente ao recoñecemento inmediato do dereito na contabilidade. Con todo, esa formulación non é o que resulta da Instrución do Modelo Normal de Contabilidade Local, aprobada pola Orde HAP/1781/2013, nin dos criterios da IGAE.

Nas entidades locais, os dereitos de cobranza derivados de tributos de contraído previo e ingreso directo non se recoñecen polo mero feito impoñible, senón cando se dita o acto administrativo de liquidación, que é o acto que determina o suxeito pasivo, a base impoñible, a cota, as posibles exencións e o importe exixible.

A demora na práctica das liquidacións pode afectar á eficacia administrativa ou á xestión recadatoria, cuestión sobre a que esta entidade comparte plenamente a necesidade de continuar mellorando, pero non determina, por si mesma, que as contas anuais deixen de expresar a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados do exercicio.

V. Ausencia de acreditación dunha incorrección material

O fundamento da opinión modificada baséase na afirmación de que a incorrección *"enténdese que supera amplamente o limiar de materialidade*", recoñecendo simultaneamente que non resulta posible cuantificar o seu importe.

Ao noso entender, esta conclusión non aparece sustentada nunha evidencia suficiente que permita afirmar a existencia dunha incorrección material nos estados financeiros.

A materialidade constitúe un concepto técnico que debe fundamentarse sobre evidencia suficiente e adecuada, non sendo suficiente unha estimación ou presunción da súa existencia cando o propio informe admite expresamente que o importe da suposta incorrección non pode ser determinado.

Debe salientarse, ademais, que non todas as intervencións realizadas polos servizos de extinción de incendios xeran necesariamente unha obriga tributaria, xa que previamente resulta necesaria a

correspondente cualificación xurídica dos feitos, a identificación do obrigado tributario, a determinación da existencia de exencións ou supostos de non suxeición e a cuantificación da débeda tributaria conforme á Ordenanza fiscal.

En consecuencia, a simple diferenza entre o número de intervencións e o número de liquidacións practicadas non permite concluír automaticamente que exista un importe equivalente de dereitos económicos devindicados e omitidos nas contas anuais.

VI. Sobre a procedencia dunha opinión modificada

As opinións modificadas constitúen o mecanismo máis intenso previsto polas Normas Internacionais de Auditoría para advertir aos usuarios das contas anuais da existencia de incorreccións materiais.

Por este motivo deben reservarse para aqueles supostos nos que quede acreditado que a información financeira non expresa a imaxe fiel.

Non obstante, non concorren os presupostos técnicos para concluír que existe unha incorrección material nas contas anuais que afecte á expresión da imaxe fiel, polo que non se estima procedente a emisión dunha opinión modificada con eivas.

No presente expediente concorren circunstancias que aconsellan unha valoración distinta:

- existe un proceso efectivo e acreditado de recuperación do atraso na emisión das liquidacións;
- reduciuse significativamente o prazo medio de tramitación;
- adoptáronse medidas estruturais de reforzo da organización administrativa;
- están en marcha os procesos selectivos para incrementar os recursos humanos;
- está prevista a creación dun novo posto de Técnico de Xestión para reforzar especificamente esta materia;
- e, finalmente, non se acredita nin se cuantifica unha incorrección material nas contas anuais.

Á vista destes feitos, considérase máis acorde cos principios de proporcionalidade, relevancia e materialidade previstos nas NIA-ES-SP que esta circunstancia sexa reflectida, se así se estima oportuno, mediante recomendacións ou mediante un parágrafo de énfase, pero non como fundamento dunha opinión modificada.

Por todo o exposto,

SOLICÍTASE que se estimen as presentes alegacións e, en consecuencia, se revise o contido do informe provisional, deixando sen efecto a opinión modificada con eivas emitida respecto das contas anuais do exercicio 2025, ao non quedar acreditada a existencia dunha incorrección material que afecte á imaxe fiel das mesmas.

Subsidiariamente, para o caso de non compartirse o anterior criterio, solicítase que a circunstancia relativa ao atraso na práctica das liquidacións tributarias sexa recollida como recomendación de mellora ou, se se considera procedente, mediante un parágrafo de énfase, sen modificar a opinión de auditoría, por tratarse dunha cuestión vinculada á organización e eficacia administrativa e non á correcta formulación das contas anuais.

En relación co Informe provisional de auditoría financeira das contas anuais do exercicio 2025, e ao abeiro do trámite de audiencia conferido, formúlanse as seguintes alegacións respecto do *"Informe sobre outros requirimentos legais e regulamentarios":*

Sinálase que:

«(...) *Tense aprobado o pagamento de remuneracións por asistencias ás persoas que forman parte dos órganos colexiados da entidade, -agás ao persoal que forma parte da propia entidade-, por un importe de 24.020,00 euros, aplicados sobre a aplicación orzamentaria 912.233.00.*

Sobre a procedencia destes pagamentos, non consta que dende o inicio do actual mandato 2023-2027 se teña adoptado o acordo que esixe o artigo 75.3 da Lei 7/85, de Bases de réxime local, nin polo Pleno da Deputación (que debe pronunciarse sobre a compatibilidade destas percepcións co réxime de dedicación exclusiva das persoas afectadas que ostentan o cargo de deputadas no Pleno provincial), nin por parte do pleno da propia entidade auditada. Só existe unha previsión ao respecto nas Bases de execución do Orzamento, non constando que se estea a realizar a publicidade que esixe o artigo 75.5 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local.

(...)»

I.- Sobre a composición dos órganos de goberno do Consorcio.

O Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña constitúe unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, dotada dun réxime estatutario específico que regula a composición e funcionamento dos seus órganos de goberno.

O artigo 9 dos Estatutos establece expresamente que o Pleno está integrado, ademais do Presidente da Deputación e da persoa titular da consellería competente ou quen legalmente os substitúa, por dous deputados provinciais designados pola Presidencia da Deputación e por dous representantes da Xunta de Galicia designados pola consellería competente, sen esixir en ningún momento que estes últimos teñan a condición de cargos electos.

Polo tanto, a condición de membro do Pleno deriva da correspondente designación efectuada pola Administración consorciada conforme aos Estatutos, e non da eventual condición de cargo representativo.

Consecuentemente, a participación nestes órganos colexiados e os dereitos inherentes á mesma non poden condicionarse á circunstancia de ostentar ou non un cargo electo cando a propia norma estatutaria habilita expresamente a designación doutros representantes.

Segunda.- Sobre a competencia do Pleno para establecer o réxime de indemnizacións.

Os Estatutos atribúen ao Pleno do Consorcio a organización da entidade, a aprobación do seu orzamento e a adopción das decisións relativas ao seu réxime económico e de funcionamento.

No exercicio destas competencias, o Pleno aprobou a modificación da Base 49ª de Execución do Orzamento do exercicio 2025, regulando expresamente o réxime de indemnizacións por asistencia aos órganos colexiados.

Dita modificación foi aprobada definitivamente e publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña de 5 de setembro de 2025, adquirindo plena eficacia xurídica.

En consecuencia, as percepcións obxecto de observación contan coa correspondente cobertura normativa interna, aprobada polo órgano competente e sometida ao procedemento legalmente establecido.

Terceira.- Sobre a natureza das indemnizacións.

Trátase de indemnizacións por asistencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados do Consorcio, previstas nas Bases de Execución do Orzamento e vinculadas exclusivamente á participación nas reunións dos órganos de goberno.

Estas indemnizacións responden á natureza propia dos órganos colexiados dunha entidade instrumental integrada por distintas administracións públicas, na que a representación institucional pode recaer, conforme aos Estatutos, tanto en cargos electos como en persoas expresamente designadas polas administracións consorciadas.

Cuarta.- Sobre a interpretación da normativa aplicable.

A referencia efectuada no informe ao réxime previsto para os membros das Corporacións Locais non resulta automaticamente trasladable á realidade organizativa dun consorcio interadministrativo.

Os Estatutos constitúen a norma organizativa propia da entidade e regulan expresamente tanto a composición dos seus órganos de goberno como o sistema de designación dos seus membros, recoñecendo expresamente a posibilidade de que formen parte deles representantes designados polas administracións consorciadas que non ostenten a condición de cargos electos.

Por iso, a eventual aplicación analóxica do réxime previsto para os membros das corporacións locais debe ceder ante a regulación específica contida na normativa estatutaria do Consorcio.

Máxime se temos en conta que, de conformidade co establecido no artigo 10º dos Estatutos reguladores do Consorcio, "(...) *Os cargos de presidente e vicepresidente renovaranse cada vez que se renoven os cargos das administracións consorciadas como consecuencia da celebración de eleccións ou outros cambios que se produzan nelas e que así o fixera necesario(...)»,* polo que non pode identificarse un mandato corporativo, tal e como sinala o auditor (2023-2027), xa que dependerá cando menos da celebración de eleccións municipais e autonómicas.

Por todo o exposto,

SOLICÍTASE que se estimen as presentes alegacións e se revise a conclusión *incorporada ao apartado "Informe sobre outros requirimentos legais e regulamentarios",* por entender que as indemnizacións por asistencia aos órganos colexiados foron percibidas ao abeiro dunha regulación estatutaria e orzamentaria válida, aprobada polo órgano competente e plenamente vixente.

En Carballo, na data da sinatura dixital.

A secretaria-interventora,

Asdo.- María Graciela Riveiro Moreira

O presidente,

Asdo.- Valentín González Formoso.

https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=08a72aa0e0bb893568e7c8246540ad1f1e8313

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 09/07/2026 14:03

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 09/07/2026 12:16

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
08a72aa0e0bb893568e7c8246540ad1f1e831335

CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA *CIF: V15859481 - RELGA: CO 2002/01*
Polígono Industrial Bertoa, Parcela G 2. 15105 – CARBALLO (A Coruña) *Tel: 981. 416. 000*

INFORME DE SECRETARIA-INTERVENCIÓN

ASUNTO: Erro na determinación do resultado orzamentario axustado (Conta xeral 2025)
EXPEDIENTE: 2026/T017/000001


Mediante Decreto da Presidencia núm. 113/2026 de data 03.03.2026 aprobouse a liquidación do Orzamento correspondente ao exercicio 2025.

O resultado orzamentario resultado do peche do exercicio resultaba o seguinte:

RESULTADO ORZAMENTARIO	**IMPORTE**
1. Dereitos recoñecidos netos:	**14.820.929,70**
2. Obrigas recoñecidas netas:	**11.215.779,76**
3. Resultado Orzamentario [1-2]:	**3.605.149,94**
4. Desviacións positivas de financiamento (-):	**0,00**
5. Desviacións negativas de financiamento (+):	**0,00**
6. O.R. financiadas con remanente líquido de Tesourería (+):	**361.438,03**
7. Resultado Orzamentario axustado:	**3.966.587,97**

Durante a tramitación da auditoría financeira das contas anuais deste exercicio, detéctase un erro na determinación do axuste polas obrigas recoñecidas financiadas con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Analizado o erro, conclúese que na súa determinación só se incluíron as que chegaron a fase O, omitindo a operación mixta ADO por importe de 17.157,46 €. Por tanto, o importe que se debería indicar é a suma de ambos, é dicir, 361.438,03 € (ADO) + 17.157,46 € (O) o que supón un total de 378.595,49 €.



https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=08a72aa0e0bb893568e7c8246540ad1f1e8313

VALENTIN GONZALEZ FORMOSO
Data e hora: 09/07/2026 14:03

MARIA GRACIELA RIVEIRO MOREIRA
Data e hora: 09/07/2026 12:16

Validación de documentos:
https://sede.dacoruna.gal/valdoc
Código:
08a72aa0e0bb893568e7c8246540ad1f1e831335

CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DE A CORUÑA *CIF: V15859481 - RELGA: CO 2002/01*
Polígono Industrial Bertoa, Parcela G 2. 15105 – CARBALLO (A Coruña) - Tel: 981. 416. 000

A conta xeral xa foi ditaminada pola Comisión especial de contas, en sesión de data 28.05.2026, atopándose en fase de exposición pública. É, por isto, polo que se emite este informe complementario para a súa incoporación ao expediente, para que conste o cálculo correcto do axuste orzamentario polas obrigas recoñecidas financiadas con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, quedando o resultado axustado como se reflicte a continuación:

RESULTADO ORZAMENTARIO	**IMPORTE**
1. Dereitos recoñecidos netos:	**14.820.929,70**
2. Obrigas recoñecidas netas:	**11.215.779,76**
3. Resultado Orzamentario [1-2]:	**3.605.149,94**
4. Desviacións positivas de financiamento (-):	**0,00**
5. Desviacións negativas de financiamento (+):	**0,00**
6. O.R. financiadas con remanente líquido de Tesourería (+):	**378.595,49**
7. Resultado Orzamentario axustado:	**3.983.745,43**

O resultado orzamentario axustado é superior ao incialmente consignado e non afecta a ningunha outra magnitude orzamentaria.

En Carballo, na data da sinatura electrónica.

A secretaria-interventora,

Asdo.- María Graciela Riveiro Moreira.

Conforme,

O presidente,

Asdo.- Valentín González Formoso.